



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACION GALEGA DAS PERSONAS MAIORES, XUBILADOS E PENSIONISTAS (**ASOGAPEM**) PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2016

Santiago de Compostela, **- 4 MAI. 2016**

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 5 de outubro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don José Andrade Paz, con DNI nº 35818148H, que actúa en virtude da súa condición de vicepresidente, en nome e representación da **ASOCIACION GALEGA DAS PERSONAS MAIORES, XUBILADOS E PENSIONISTAS** (en adiante **ASOGAPEM**), con CIF **G36887131**, segundo o artigo 12 dos Estatutos da entidade, con domicilio social na rúa Pí y Margall, 84 Vigo- Pontevedra.

Ambalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio.

EXPOÑEN

Que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, ten entre as súas funcións e competencias ás relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.



XUNTA DE GALICIA

Neste eido, correspóndelle a planificación xeral dos servizos sociais coordinando a súa actuación coas entidades prestadoras de servizos sociais coa finalidade de atender de forma ordenada e global as necesidades, render os recursos dispoñibles e garantir a calidade na prestación de servizos.

SEGUNDO

Que **ASOGAPEM** figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-332, sendo a súa finalidade, entre outras, de acordo cos seus Estatutos, agrupar ós grupos de persoas maiores, pensionistas, xubilados, próximos á xubilación e da terceira idade de Galicia, así como levar a cabo proxectos de investigación, formación, información, culturización e documentación nas áreas de materias relacionadas coas ciencias, técnicas e profesións que afectan ós maiores.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas maiores, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, conforme ao art.19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Polo exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social para o financiamento das actividades deportivas, de mantemento e mellora da axilidade mental así como charlas sobre a protección xurídica dirixidas ós maiores que desenvolve ASOGAPEM durante o ano 2016.

SEGUNDA. Orzamento

A Consellería de Política Social para a execución destas actividades achegará a ASOGAPEM para o ano 2016 a cantidade de **dezanove mil oitocentos (19.800,00 euros)**





XUNTA DE GALICIA

con cargo á aplicación orzamentaria **12.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2016 e que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

TERCEIRA. *Actuacións subvencionables*

As actuacións que se compromete a levar a cabo ASOGAPEM durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016 son:

- Programas de actividades deportivas, de mantemento e mellora da axilidade mental.
- Charlas sobre a protección xurídica das persoas maiores.

CUARTA. *Obrigas*

ASOGAPEM deberá cumprir tódalas obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir tódolos requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007; sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e tendo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.





XUNTA DE GALICIA

5. Acreditar, mediante declaración responsable, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
9. Incorporar de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e ter en conta a perspectiva de xénero no deseño e desenvolvemento das actuacións que son obxecto do presente convenio de colaboración. Na memoria final de execución que se presente, desagregarase por sexo toda a información relacionada co obxecto do convenio que se refira a persoas. Así mesmo, na documentación e material que se xere, empregaranse linguaxe e imaxes non sexistas.
10. Diseñar e desenvolver as actuacións obxecto do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
11. Incluír dentro da súa programación actividades promovidas e financiadas pola Consellería de Política Social destinadas a:
 - A promoción da saúde e o benestar: a través de obradoiros nos que se aborden aspectos relativos ao sono, a hábitos de vida saudables, a prevención de caídas, a exercicio físico, etc.
 - O desenvolvemento persoal e ciclo vital: a través de obradoiros que aborden temáticas relativas á toma de decisións, ás relacións , á planificación e xestión do





XUNTA DE GALICIA

tempo persoal, etc.

- Exercitar habilidades sociais e a promover a participación e o voluntariado.
- O uso e manexo das novas tecnoloxías.

12. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Xustificación e pagamento

1. Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).



2. Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2016**. Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.



3. O pagamento das achegas farase do seguinte xeito:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.



XUNTA DE GALICIA

b) Poderán acordarse, ata o 80% do total da subvención concedida (incluíndo nesta porcentaxe a contía pagada con carácter de anticipo), ata dous pagamentos parciais a medida que o beneficiario xustifique ter realizado un gasto equivalente.

c) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio.

4. Deste xeito, ata o 80% da contía total concedida, poderá facerse efectivo mediante pagos parciais na medida que a entidade xustifique debidamente os gastos realizados, previa **acreditación do emprego das cantidades concedidas mediante certificación**, expedida e asinada polo órgano competente da entidade, **dos gastos realizados** que incluírá a **relación das facturas e xustificantes dos gastos** realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos **xustificantes-facturas dos gastos** realizados e a **acreditación do pagamento** efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así mesmo achegará a **certificación do órgano competente** relativa ao cumprimento dos fins das cantidades obxecto deste convenio.

ASOGAPEM remitirá á Dirección Xeral de Maiores de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, xunto coa xustificación do 20% restante ou, en todo caso, coa última xustificación do emprego da cantidade restante ata a totalidade do proxecto e en todo caso con **data límite do 10 de decembro de 2016**, un **informe-memoria detallado** de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste convenio en cada centro acompañada de **certificación expedida polo representante** da asociación relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, ASOGAPEM queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou



XUNTA DE GALICIA

documento equivalente) en que se reflecta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite o 31 de xaneiro de 2017.

6. No momento da presentación da primeira e da última xustificación do convenio, a entidade achegará unha **declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos ou entes. Do mesmo xeito acreditará, mediante **declaración responsable**, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma de Galicia nin é debedor por resolución de procedencia de reintegro.

7. Co importe das axudas previstas neste convenio en ningún caso se poderá superar o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario, sexa illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións das administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

SEXTA. *Inexistencia de relación laboral*

ASOGAPEM queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

ASOGAPEM asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

SETIMA. *Obrigas de publicidade*

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da



XUNTA DE GALICIA

Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda ASOGAPEM adquire tamén os compromisos e obrigas de: dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.

OITAVA. *Protección de datos*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución do mesmo, e ASOGAPEM obrígase ao cumprimento da normativa establecida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

NOVENA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2016; non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro



XUNTA DE GALICIA

do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2016, establecida no apartado 2 da cláusula quinta deste convenio.

DÉCIMA. *Seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio, crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes da entidade ASOGAPEM. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Reintegro*

En aplicación do disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, procederá o reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida e dos xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.
- b) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos





XUNTA DE GALICIA

para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

- e) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e ós beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ó modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. que total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e ós beneficiarios, así como dos compromisos por este asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando diso derive a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e a regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da unión Europea ou de organismos internacionais.
- g) Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 ao 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derive unha necesidade de reintegro.
- h) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

Cando o cumprimento polo beneficiario ou, se é o caso, pola entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ó cumprimento total e acrediten unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade que se vai reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra l) do apartado 1 do artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Igualmente, no suposto previsto no apartado 3 do artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

Con independencia das causas de reintegro enumeradas, a declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando concorra algunha das causas de reintegro antes referidas, levará á obriga de devolver as



XUNTA DE GALICIA

cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando conorra causa de reintegro.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ó 23 do Decreto legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

DÉCIMO SEGUNDA. *Natureza e réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo que modifica o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución, serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses se se tratase dun acto presunto contado a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa normativa específica se produza o acto presunto, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICO
SOCIAL**



M Rey
José Manuel Rey Varela

**O VICEPRESIDENTE DA ASOCIACIÓN
GALEGA DAS PERSOAS MAIORES,
XUBILADOS E PENSIONISTAS**

[Signature]
José Andrade Paz



ASOCIACIÓN GALEGA DE PENSIONISTAS
Presidencia